






COLECCIÓN DE MICROGUÍAS PARA
O EMPRENDEMENTO



POSTA EN MARCHA DUN NEGOCIO

Persoa empresaria
individual ou autónoma



XUNTA
DE GALICIA



**XUNTA
DE GALICIA**


Edición:
Xunta de Galicia

Autor:
OBZ SL

Deseño e maquetación:
OBZ SL

Santiago de Compostela, 2024
Depósito legal:
C 88-2024






ÍNDICE




1. Persoa empresaria individual ou autónoma



1 Descripción



✓ É A FIGURA MÁS HABITUAL PARA O AUTOEMPREGO E EMPRESAS DE TAMAÑO MOI REDUCIDO.





2 Definición e características



DEFINICIÓN



É unha persoa física que realiza de forma habitual, persoal, directa, por conta propia e fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa, unha actividade económica ou profesional a título lucrativo, con ou sen persoas traballadoras por conta allea ao seu cargo.



CARACTERÍSTICAS

As características principais dunha persoa traballadora autónoma teñen que ver co control, a responsabilidade, o patrimonio e a achega dineraria.

A **facilidade de abrir a túa propia empresa** sen apenas investimento nin trámites legais de constitución é unha das **principais vantaxes**, sendo a **forma más rápida, sinxela e económica de abrir un negocio**.



Pola **contra**, os horarios, o exceso de traballo, a responsabilidade patrimonial ou os ingresos irregulares poden formar parte das desvantaxes de ser autónoma/o.

Neste sentido, a persoa autónoma **responde**, de forma xeral, **cos seus bens persoais ante as débedas con terceiros**, podendo mesmo alcanzar o patrimonio do cónxuge en caso de que dúas persoas estean casadas en réxime de gananciais ou lucrativos.


As sociedades adoitan ofrecer unha imaxe máis profesional ante os diferentes "stakeholders" (grupos de interese): clientes, entidades financeiras, administracións públicas...



 ✓ CONTROL TOTAL. 	✓ RESPONSABILIDADE PERSOAL SOBRE AS OBRIGAS: A PERSONALIDADE XURÍDICA RECAE NO TITULAR.
✗ NON DIFERENCIA ENTRE PATRIMONIO MERCANTIL E CIVIL.	✗ SEN LÍMITES DE APORTACIÓN DE CAPITAL.

VANTAXES

- Forma idónea para empresas de reducido tamaño.
- Menos xestións para a súa constitución.
- A xestión das obrigas fiscais e contables é más sinxela.
- Máis económico.



INCONVENIENTES

- ✗ Responsabilidade ilimitada.
- ✗ Responde das débedas, de forma xeral, co patrimonio persoal.
- ✗ Asume en solitario os gastos, investimentos, xestión e administración.
- ✗ Tributa por IRPF: volume importante de beneficios pode xerar tipos impositivos elevados.
- ✗ Se está casada/o en réxime de gananciais ou lucrativos, pode dar lugar a que a súa actividade alcance o patrimonio da súa/do seu cónxuge.



TIPOS DE PERSOAS EMPRESARIAS AUTÓNOMAS:

Entre as persoas que en España cotizan á Seguridade Social no **réxime especial de persoas traballadoras autónomas** (ou RETA) existe unha importante heteroxeneidade en canto á súa actividade profesional e especialmente na maneira na que a desempeñan.

O feito que iguala a todas as persoas é o de cotizar no mesmo réxime da Seguridade Social, coas mesmas regras para todo o mundo. Pero logo, obsérvanse importantes diferenzas no funcionamento da actividade e a fiscalidade.



A

Traballador/a independente

Xestiona un negocio que está ao seu nome de forma habitual. Con ou sen persoal contratado.



B

Freelance, profesional ou mutualista

Profesiós liberais incluídas no IAE (imposto de actividades económicas)

ACTIVIDADES EMPRESARIAIS

COMO:

- Taxis
- Transporte
- Perruquerías, estética
- Hostelería
- Entrenamiento físico
- Construcción...

ACTIVIDADES ARTÍSTICAS OU DEPORTIVAS COMO:

- Música
- Cine
- Teatro
- Circo
- Tauromaquia
- Deporte...

ACTIVIDADES COLEXIADAS

COMO:

- Medicina
- Farmacia
- Veterinaria
- Avogacía
- Traballo social
- Economía
- Enxeñería

(É obrigatorio colexiarse para exercer determinadas profesións.
Máis información)

ACTIVIDADES NON COLEXIADAS

COMO:

- Deseño
- Maquillaxe
- Representación
- Fotografía
- Programación



DIFERENZAS ENTRE PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA, FREELANCE E MUTUALISTA

Persoa traballadora autónoma e freelance son dous termos que adoitan xerar confusión. As dúas figuras desenvolven a súa actividade de forma independente e soen utilizarse os ditos termos de forma indistinta.

Porén, **non son o mesmo**. Un freelance pódese asimilar a un colaborador/a. **A principal diferenza radica na continuidade da actividade.**

TRABALLADOR/A INDEPENDENTE	FREELANCE
Xestioná un negocio que está ao seu nome, ainda que pode usar un nome comercial.	Profesiós liberais incluídas no IAE (imposto de actividades económicas).
✓ É unha figura xurídica.	✓ Non é unha figura xurídica como tal.
✓ Realiza unha actividade continuada no tempo, de forma habitual.	✓ Realiza colaboracións puntuais.
✓ Debe estar dada de alta no RETA.	✓ Debe estar dada de alta no RETA.
✓ Obtén os seus ingresos da actividade que realiza.	✓ Obtén os seus ingresos das colaboracións puntuais como actividade independente que compaxinar cun traballo nunha empresa.
MUTUALISTA	
Persoa traballadora membro dunha mutua.	
✓ Non é unha figura xurídica como tal.	
✓ Só para algunas actividades.	
✓ Pode cotizar pola mutua profesional, que pode estar vinculada a un colexio profesional, ou no RETA, nese caso ten a consideración de persoa autónoma.	
✓ Goza de condicións especiais no acceso á pensión de xubilación.	



C

Autónoma societaria

Persoa que xestiona a súa actividade a través dunha empresa (S.L., S.L.U., S.A., etc.). Con ou sen persoal traballador contratado.

Ten un 25% ou máis de participacións e xestioná/ dirixe a empresa.

Ten un 33% ou máis de participacións e traballa na empresa.

Ten, como mínimo, un 50% de participacións contando as das persoas socias coas que convive.

Exerce funcións como:

- Dirección, xerencia
- Consello de Administración....

CARACTERÍSTICAS HABITUAIS:

- Negocio con certa dimensión.
- Adoita ter máis persoal contratado.



D

Persoa traballadora autónoma economicamente dependente (Trade)

Persoa autónoma que factura o 75% dos seus ingresos a un único cliente. Sen persoal traballador contratado, salvo excepcións (art. 11 Estatuto).

CARACTERÍSTICAS:

- Contrato co cliente rexistrado no Servizo Estatal Público de Emprego.
- Material e infraestrutura propios.
- Dereito a vacacións 18 días/ano.
- Indemnización por abandono inxustificado do cliente.

E

Agraria

Cotiza mediante o Sistema especial para persoas traballadoras por conta propia agrarias, SETA.

Realiza de xeito directo as tarefas agrarias na explotación.

Pode ter persoas traballadoras empregadas.

REQUISITOS:

- Ser titular da explotación agrícola.
- Obter da explotación agrícola un mínimo dun 50% dos seus ingresos.
- Non obter da explotación rendementos anuais netos superiores ao 75% da base máxima de cotización do réxime xeral.

F

Réxime do mar

Cotiza mediante o réxime especial da Seguridade Social das persoas traballadoras do mar

Realiza de xeito habitual, persoal e directo algunas actividades como:

- Actividades marítimo-pesqueiras a bordo de determinadas embarcacións ou buques (marina mercante, pesca marítima, tráfico interior de portos, deportivas e de recreo).
- Acuicultura.
- Mariscadoras/es, percebeiras/os, redeiras/os.
- Outras.

Inclúense neste réxime tamén as/os familiares colaboradoras/es.

G

Outras

PERSOA TRABALLADORA AUTÓNOMA COLABORADORA:

- É familiar directo da persoa autónoma titular que traballa para ela.
- Ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

PERSOAS SOCIAS TRABALLADORAS DE COOPERATIVA:

- As persoas socias traballadoras de cooperativa que están de alta no RETA poden cobrar unha nómina e/ou cobran polas facturas emitidas.

PERSOAS SOCIAS COMUNEIRAS:

- Forman parte dunha comunidade de bens.



PERSOA FALSA AUTÓNOMA

Traballa por conta propia para levar a cabo unha actividade profesional para unha empresa coma se fose un/unha traballador/a por conta allea.

PERSOA AUTÓNOMA

Traballa por conta propia para terceiros.

PERSOA EMPRENDEDORA DE RESPONSABILIDADE LIMITADA

Traballa con limitación de responsabilidade baixo determinadas condicións, realizando persoalmente unha actividade de forma habitual.

A PERSOA FALSA AUTÓNOMA

Algunhas empresas recorren a persoas **traballadoras autónomas** para aforrar os custos laborais da contratación de persoas empregadas asalariadas e evitar afiliarlas ao réxime xeral da Seguridade Social.

Esta é unha **acción fraudulenta** coa que se incorre na **figura da persoa falsa autónoma**. A contratación dunha persoa falsa autónoma pode supoñer consecuencias legais tales como sancións económicas de entre 3.000€ e 10.000€ aproximadamente, en función da gravidade da situación.

A persoa falsa autónoma poderá solicitar unha indemnización por despedimento improcedente e mesmo a readmisión como traballador/a por conta allea. Tamén poderá esixir o pagamento de vacacións, o pagamento de horas extras e as cantidades salariais correspondentes ao seu convenio colectivo.

A Inspección de Traballo poderá declarar nulo o contrato mercantil establecido entre a empresa e a persoa falsa autónoma, xa que se considera **fraude laboral** e pode chegar a constituir fraude penal en función do importe das cotas impagadas nos últimos 4 anos (50.000€).

A PERSOA EMPRENDEDORA DE RESPONSABILIDADE LIMITADA (ERL)

É unha figura a medio camiño entre a persoa autónoma e unha sociedade limitada.

Realiza de forma habitual, persoal, directa e por conta propia unha actividade lucrativa con ou sen persoas traballadoras ao seu cargo.

Deberá facer constar en toda a súa documentación, con expresión dos datos rexistrais, a súa condición de «Persoa emprendedora de responsabilidade limitada» ou mediante a adición ao seu nome, apelidos e datos de identificación fiscal das siglas «ERL»

Pode limitar a súa responsabilidade empresarial protexendo a súa vivenda habitual no caso de que o negocio non vaia ben, se o valor desta é inferior a 300.000€.

Ten a obrigación de elaborar e depositar anualmente no Rexistrio Mercantil as contas anuais da actividade.



A persoa falsa autónoma está traballando de forma ilegal baixo as condicións dun traballador/a por conta allea. Esta figura está no punto de mira da Inspección de Traballo.



Débese ter especial coidado cando a facturación total provén dun só cliente, xa que se podería estar incorrendo na figura de persoa falsa autónoma.



CAL É O PERFIL MAIORITARIO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS EN GALICIA?

Persoa autónoma do sector servizos, sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, maioritariamente home, entre 40 e 54 anos, de nacionalidade española, que leva 5 anos ou máis no seu negocio e que cotiza pola base mínima de cotización.



CAL É O TIPO MAIORITARIO EN ESPAÑA?

En España más do 6% da poboación son **persoas** autónomas que cotizan á Seguridade Social no réxime especial de persoas traballadoras autónomas, o RETA.

Maioritariamente son **persoas físicas**, isto é, as non integradas en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias; tampouco son persoas colaboradoras familiares nin están rexistradas como parte dalgún colectivo especial de persoas traballadoras.

A segunda tipoloxía en importancia son as **persoas autónomas societarias**.

É de destacar o escaso número de persoas autónomas economicamente dependentes (Trade).

▶ 6 Constitución e posta en marcha ◀ ◀ ◀

6.1 - PROCESOS E TRÁMITES

- ! Para darte de alta como persoa autónoma, debes facelo obligatoriamente por medios **telemáticos**.
Para iso necesitas ter o certificado dixital, para identificarte ante cada un dos organismos oficiais.
O proceso adoita levar uns 3 días.

INFORMACIÓN DE INTERESE

AEAT, Agencia Estatal de Administración Tributaria: Tel: 91 290 13 40

Oficinas A Coruña

Oficinas Lugo

Oficinas Ourense

Oficinas Pontevedra

SEGURIDADE SOCIAL: Tel.: 91 542 11 76



6 Constitución e posta en marcha



6.2 - DOCUMENTACIÓN E PRAZOS

Necesitas realizar os seguintes trámites:



Alta no imposto de actividades económicas (IAE) na Axencia Estatal da Administración Tributaria (AEAT) segundo o [MODELO 036](#) ou [MODELO 37](#)
Podes consultar a relación completa de epígrafes do IAE aquí .



Alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) segundo o [MODELO TA0521](#) disponible na Seguridade Social. En función da actividad, pódese optar pola alta nunha mutua profesional.
Se nunca se traballou, debe solicitar antes o nº de afiliación segundo o [MODELO TA.1](#)



En caso de abrir un local, solicitar a licenza de apertura e actividad no concello. En caso de realización de obras no local, solicitar tamén a correspondente licenza de obras.



Realizar a comunicación de apertura de centro de traballo na [Xunta de Galicia](#).



Cumprir a normativa vixente en canto á prevención de riscos e ao Regulamento europeo de protección de datos de carácter persoal.



Alta autorizado RED en caso de contratar persoas traballadoras (recomendable subcontratar cunha xestoría).



6 Constitución e posta en marcha




En caso de contratar persoas traballadoras, necesitas realizar coa Seguridade Social (SS) e o Servizo Estatal Públido de Emprego (SEPE) o seguinte:

- ⚙️ Inscrición como persoa empresaria segundo o [MODELO TA.6](#)
- ⚙️ Obtención do código de conta de cotización segundo o [MODELO TA.7](#)
- ⚙️ No caso de que a persoa traballadora non teña contratos anteriores: obtención do número de afiliación á Seguridade Social segundo o [MODELO TA.1](#)
- ⚙️ Alta das persoas traballadoras segundo o [MODELO TA.2/S](#)
- ⚙️ Realizar a comunicación da contratación mediante [APLICACIÓN CONTRAT@](#)
- ⚙️ Ingresar as cotas de cotización mediante o [SISTEMA RED DIRECTO](#): recibo de liquidación de cotizacións (modelos RLC) e relación nominal de persoas traballadoras (RNT).

6.3 - OBRIGAS FISCAIS

Presentar o imposto sobre a renda das personas físicas (IRPF) aplicado ao rendemento por actividades económicas.
Poden existir outros impostos asociados exclusivamente á actividade que se exerza.

Débese liquidar trimestralmente o IRPF, o IVE e as retencíons do IRPF das persoas traballadoras, se as houbese, presentando ademais resumos anuais.



6 Constitución e posta en marcha

6.4 - TRIBUTACIÓN

As formas más comúns de tributación son a **estimación directa (ED)** ou a **estimación obxectiva (EO)**, este sistema vaise reformar en breve), máis coñecida como tributación por "**módulos**".

ESTIMACIÓN DIRECTA (ED)

Sistema de tributación no cal as liquidacións tributarias se calculan en función dos ingresos e gastos reais da actividade durante o ano fiscal. Este rendemento actuará como base á hora de calcular o IRPF da persoa autónoma.

ESTIMACIÓN OBXECTIVA OU POR MÓDULOS (EO)

No sistema por módulos determinase o rendemento neto con base nunhas actividades e uns módulos fixados polo Ministerio de Facenda, e que teñen que ver co número de persoas traballadoras, potencia eléctrica instalada, superficie do local. etc. Entre as actividades destacan, por exemplo, as agrícolas, gandeiras, restaurantes, perruquerías...

GRAVAME ESTATAL 2022

GRAVAME COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA 2022

Requisitos para poder aplicar a tributación por módulos:

- ✓ A actividade que se desenvolve debe estar recollida dentro das actividades incluídas no método de estimación por módulos: **ACTIVIDADES INCLUÍDAS NA EO**
- ✓ Rendementos anuais íntegros das actividades inferiores a 250.000€ ou 125.000€ en caso de estar obrigado/o a expedir factura ao ser a persoa destinataria unha persoa empresaria ou profesional que actúe como tal.
- ✓ Volume de compras anuais en bens e servizos menor de 250.000€.
- ✓ Non superar durante o ano anterior a magnitud específica máxima establecida para cada actividade.
- ✓ Non determinar o rendemento neto de ningunha actividade polo réxime de estimación directa (ED).
- ✓ Non renunciar á súa aplicación. Non renunciar nin estar excluída/o do réxime simplificado do IVE.
- ✓ Que as actividades se desenvolvan, total ou parcialmente, dentro do ámbito de aplicación do imposto.

6.5 - COTIZACIÓN

O sistema de cotización actual **baséase nos ingresos reais** (R.D.L. 13/2022, do 26 de xullo); establece 15 tramos de cotización nos que cada persoa autónoma ten que situarse en función da súa previsión de ingresos.

PARA TER EN CONTA

BONIFICACIÓNS E AXUDAS

Existen bonificacións nas cotas que pagare axudas para a posta en marcha do negocio, infórmate axeitadamente. As axudas poden resultar interesantes, pero lembra que a viabilidade dun proxecto non debe apoiarse nunca exclusivamente nelas.



7 Extinción e cesamento de actividade

TIPOS DE CESAMENTO

DEFINITIVO

TEMPORAL

Con interrupción de todas as actividades. Pode ser:

TOTAL

PARCIAL

PROTECCIÓN

A protección por cesamento de actividade para persoas autónomas atópase regulada no título V da **Lei xeral da Seguridade Social**, aprobada por Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, e nas súas normas de desenvolvemento. 

A finalidade é proporcionarlle á persoa autónoma unha **axuda económica** ante a situación de cesamento na súa actividade.

A partir de 2023 pódese percibir unha prestación por **cesamento** de actividade **parcial** cunha contía do 50% da base reguladora. As persoas beneficiarias poden recibir esta axuda sen ter que darse de baixa no RETA e sen que sexa necesario o peche.

A solicitude será presentada ante a mutua correspondente.

CAUSAS DE SITUACIÓN LEGAL DE CESAMENTO DE ACTIVIDADE QUE DAN OPCIÓN Á COBRANZA:

- Causas económicas, técnicas, organizativas ou de producción: perdas maiores do 10% dos ingresos anuais e execucións xudiciais maiores do 30% dos ingresos do exercicio anterior.
- Declaración xudicial de concurso.
- Perda da licenza administrativa (possible admisión de faltas administrativas ou delitos non penais).
- No caso de persoa traballadora autónoma economicamente dependente, por remate da duración contractual, obra ou servizo; incumprimento contractual grave; rescisión xustificada ou inxustificada; morte, incapacidade ou xubilación da persoa cliente.
- Causas de força maior.
- Outras causas legais:
 - Ser vítima de violencia de xénero.
 - Divorcio ou acordo de separación matrimonial (cesamento dentro dos 6 meses seguintes).



7 Extinción e cesamento de actividade

QUE SE CONSIDERA FORZA MAIOR?

Unha forza superior a todo control e previsión, allea á persoa traballadora e que se deba a acontecementos de carácter extraordinario. Debe ser acreditada a través da declaración dun órgano xestor, acompañado dunha declaración xurada da persoa solicitante do cesamento temporal ou definitivo da súa actividade, e terá que facer constar a data de produción da forza maior.

MOI IMPORTANTE ...



ATENCIÓN! NIN A ENFERMIDADE NIN UNHA SITUACIÓN XERAL DE CRISE ECONÓMICA SE CONSIDERAN CASOS DE FORZA MAIOR.

REQUISITOS PARA TER DEREITO Á PROTECCIÓN POR CESAMENTO:



1. Estar afiliada/o e en alta no réxime especial de persoas traballadoras por conta propia ou autónomas.



2. Ter cuberto o período mínimo de cotización.



3. Atoparse en situación legal de cesamento de actividade, subscribir o compromiso de actividade e acreditar activa dispoñibilidade para a reincorporación ao mercado de traballo a través das actividades formativas, de orientación profesional e de promoción da actividade emprendedora ás que poida convocar o Servizo Público de Emprego de Galicia.



4. Non cumplir a idade ordinaria para causar dereito á pensión contributiva de xubilación, salvo que a persoa traballadora autónoma non tivese acreditado o período de cotización requerido para iso.



5. Estar ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social.



6. Cando a persoa traballadora autónoma teña unha ou máis persoas traballadoras ao seu cargo, será requisito previo ao cesamento da actividade o cumprimento das garantías, obligacións e procedementos regulados na lexislación laboral.

REvisa esta listaxe se nalgún momento necesitas saber se tes dereito á prestación económica. Debes ter en conta que algúns dos requisitos, en función da tipoloxía en que te atopes, pode ter algunha especificación concreta.



DURACIÓN E CONTÍA DA PRESTACIÓN:

Duración: entre 4 e 24 meses, en función dos períodos de cotización efectuados, teranse en conta os 48 meses anteriores ao cesamento de actividade dos que, polo menos, 12 deben estar comprendidos nos 24 meses anteriores ao cesamento.


Contía: 70% da media das bases de cotización dos últimos 12 meses. Esta porcentaxe pode cambiar se se teñen fillas/os a cargo.

EN FUNCIÓN DA TIPOLOXÍA, ESTA INFORMACIÓN PODE VARIAR, POLO QUE É RECOMENDABLE CONSULTAR CADA CASO CONCRETO.

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR PARA SOLICITAR A PRESTACIÓN POR CESAMENTO:



1. Impreso de solicitude da prestación por cesamento de actividade, en modelo oficial.
2. Identificación da persoa solicitante e fillas/os que conviven ou están ao seu cargo (presentación de documentación que acredite as circunstancias que constan na solicitude para cotexar).
3. Se ten persoas traballadoras dependentes: declaración xurada do cumprimento de garantías, obrigacións e procedementos regulados na lexislación laboral.
4. Se desenvolveu a súa actividade nun país membro da UE: [Documento U-1](#) que acredite os períodos de cotización.



▶ ▶ ▶ 8 Normativa aplicable



NORMATIVA

O traballo por conta propia ou traballo autónomo atópase regulado principalmente no **Estatuto do traballo autónomo** aprobado pola Lei 20/2007, do 11 de xullo.

O Estatuto do traballo autónomo determina o ámbito de aplicación; o réxime profesional da persoa autónoma e establece os dereitos e os deberes e as normas en materia de prevención de riscos.

Crea a figura da persoa traballadora autónoma economicamente dependente e os acordos de interese profesional. Recoñécense os dereitos colectivos, a representatividade das súas asociacións, a protección social e impúlsase a promoción do traballo autónomo.

Nos últimos anos aprobáronse diversas leis e normas que modificaron tanto o Estatuto como a Lei xeral da Seguridade Social co fin de equiparar os dereitos das persoas traballadoras autónomas coas persoas traballadoras por conta allea.

A ampla lista de leis e normativas foron centralizadas polo BOE (*Boletín Oficial del Estado*) nun único sitio web.

Pode consultarse na internet e ademais descargarse en formato PDF.

O CONTIDO DO ESTATUTO RECOLLE OS SEGUINTE ASPECTOS:



Leis básicas como a Lei do Estatuto do traballo autónomo e a Lei 6/2017, do 24 de outubro, de reformas urxentes do traballo autónomo.

Dereitos colectivos (Consello da Representatividade das Asociacións Profesionais de Traballadores Autónomos).

Trade ou autónomos dependentes: Registro estatal de asociacións profesionais de traballadores autónomos.

Saúde laboral (Lei de prevención de riscos laborais).

Toda a regulación da Seguridade Social relativa a autónomos (réxime especial ou RETA, continxencias profesionais, cesamento de actividade e desemprego, réxime agrario).

Infraccións e sancións administrativas.

Medidas de fomento: Lei de medidas de apoio ao emprendedor e de estímulo do crecemento ; Lei de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización ;

Lei pola que se adoptan medidas de fomento e promoción do traballo autónomo ;

Bases de concesión de subvencións ás actividades de promoción do traballo autónomo .







COLECCIÓN DE MICROGUÍAS PARA O EMPRENDEMENTO

